

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN

Expediente: 2025000056964

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN NÚMERO 2026/38433, DE DATA 3 DE SETEMBRO DE 2026, POLA QUE SE APROBA A SEGUNDA CONVOCATORIA, DE CARÁCTER ORDINARIA, DAS ACCIÓNS FORMATIVAS, XUNTO COAS BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS E COMPENSACIÓNS HORARIAS ENGADIDAS NO PLAN DE FORMACIÓN AGRUPADO DO ANO 2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

I. ANTECEDENTES

1. Visto o expediente número 2025000056964, relativo ás accións formativas de referencia engadidas no Plan de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026 (PFA DPC 2026), e o resto da documentación relativa á súa proposta pola unidade xestora interesada, que motiva a realización da presente convocatoria de accións formativas que é obxecto de aprobación.
2. Posteriormente detectouse a existencia de erros materias que afectan ao contido dos Anexo 2. e 3, o que motiva a necesidades da súa corrección e modificación.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administración Común das Administracións Públicas no que se establece que as administración públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia das persoas interesadas, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

RESOLVO:

MODIFICAR o contido da resolución da Presidencia número 2026/38433 de data 3 de setembro de 2026, pola que se aproba a SEGUNDA CONVOCATORIA, de carácter ordinaria, as accións formativas, xunto coas bases reguladoras específicas desta convocatoria e compensacións horarias (para o persoal propio da Deputación da Coruña), derivadas da execución do Plan de Formación Agrupado do ano 2026 da Deputación Provincial da Coruña, polos erros materiais de transcripción detectados no texto dos seus anexos, e que se indican de seguido, manténdose inalterado nos seus xustos termos o resto dos acordos de dita resolución:

- **Anexo A.- RECTIFICACIÓN** dos erros materiais de transcripción detectados no texto do Anexo incorporado como parte integrante da Resolución da Presidencia número 2026/38433 de data 3 de setembro de 2026, que se indica:

ANEXO número 2: Proposta de Normas de Compensación horaria para o persoal empregado público da Deputación Provincial da Coruña por asistir ás accións formativa / cursos de formación presenciais fóra da súa xornada laboral engadidos no PFA DPC 2026.

NORMAS de Compensación horaria polas accións formativas / cursos de formación de modalidade presencial, incluídos no Plan Agrupado de Formación para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026 (PFA DPC 2026) realizados polo persoal empregado público da Deputación Provincial da Coruña fóra da súa xornada laboral:

SEGUNDA Convocatoria de carácter ORDINARIA do PFA DPC 2026.-

Compensacións establecidas para as accións formativas / cursos de formación da modalidade presencial que se van realizar dentro do Plan Agrupado de Formación para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026 (PFA DPC 2026):

NORMA XERAL

A admisión realizarase atendendo aos perfís definidos para cada acción formativa / curso de formación. Establécese unha porcentaxe de compensación do 20% para todos as persoas asistentes / participantes admitidos que desempeñen postos de traballo NON incluídos na relación seguinte:

□ Onde di:

Nº Ord e	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Persoal DESTINATARIO (¹)	Modalidade	%
58	26.069	Actualización dos conceptos relativos ao manexo da aplicación de xestión do patrimonio GPA	Persoal que realice funcións ou tarefas relativas á xestión do patrimonio.	Presencial	100 %
62	26.071	Educación en igualdade	Persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia	Presencial	100 %
65	26.073	Introdución á metodoloxía e fundamentos do BIM (BuildingInformationModeling): xestión de proxectos baseados na tecnoloxía BIM	Persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, Servizo de Vías e Obras, Servizo de Arquitectura e Mantemento e Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, e persoal similar das EELL adheridas	En liña/ Presencial	90 %




DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Nº Ord e	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Persoal DESTINATARIO ⁽¹⁾	Modalidade	%
80	26.080	Xestión catastral: catastro inmobiliario, a valoración catastral e procedementos catastrais	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións ou tarefas relacionadas coa materia	Presencial	100 %
82	26.082	Xestión e inspección do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións ou tarefas de inspección tributaria	Presencial	100 %
83	26.083	Intervención psicoeducativa en persoas menores con TEA e TDAH	Persoal destinado en unidades de atención social e igualdade, con preferencia para o persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia	Presencial	100 %
87	26.087	Consolidación de estados contable a nivel práctico (SICALWin)	Persoal destinada en unidades de xestión contable local, con preferencia para aquelas entidades locais con necesidades de consolidación de estado contables	Presencial	100 %
91	26.091	Mantemento de arboredo: tipos e técnicas de poda e a súa planificación anual	Persoal destinado en unidades de mantemento do arboredo	Presencial	100 %
95	26.093	Igualdade de xénero, diversidade sexual e prevención de violencia	Persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia	Presencial	100 %

□ Debe dicir:

Nº Ord e	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Persoal DESTINATARIO ⁽¹⁾	Modalidade	%
51	26.063	Os contratos menores nas entidades locais e as súas alternativas	Aberto a todo o persoal, con preferencia para o persoal destinado en unidades de tramitación administrativa	Presencial	100 %
58	26.069	Actualización dos conceptos relativos ao manexo da aplicación de xestión do patrimonio GPA	Persoal que realice funcións ou tarefas relativas á xestión do patrimonio.	Presencial	100 %
62	26.071	Educación en igualdade	Persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia	Presencial	100 %
65	26.073	Introdución á metodoloxía e fundamentos do BIM (BuildingInformationModeling): xestión de proxectos baseados na tecnoloxía BIM	Persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, Servizo de Vías e Obras, Servizo de Arquitectura e Mantemento e Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, e persoal similar das EELL adheridas	En liña/ Presencial	90 %
76	26.078	Contratación pública en proxectos de obra no ámbito local	Persoal en unidades destinadas á xestión da tramitación da contratación e de proxectos técnicos de obra	Presencial	100 %
80	26.080	Xestión catastral: catastro inmobiliario, a valoración catastral e procedementos catastrais	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións ou tarefas relacionadas coa materia	Presencial	100 %
82	26.082	Xestión e inspección do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións ou tarefas de inspección tributaria	Presencial	100 %



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Nº Ord e	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Persoal DESTINATARIO ⁽¹⁾	Modalidade	%
83	26.083	Intervención psicoeducativa en persoas menores con TEA e TDAH	Persoal destinado en unidades de atención social e igualdade, con preferencia para o persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia	Presencial	100 %
84	26.084	Analítica de datos coa aplicación Qlik Sense: conceptos básicos e aplicación práctica	Persoal da Deputación da Coruña que realice xestión de análises de datos e teña acceso a esta aplicación informática	Presencial	100 %
85	26.085	Aplicación FirmaDoc WEB para persoas usuarias da Deputación da Coruña: Aplicación práctica	Persoal da Deputación da Coruña que realice xestión contable-administrativa e teña acceso a esta aplicación informática	Presencial	100 %
86	26.086	Aplicación FirmaDoc WEB para persoas co perfil de administrador para persoas usuarias da Deputación da Coruña: Aplicación práctica	Persoal técnico dos servizos contables da Deputación da Coruña que realice xestión de análises de datos e teña acceso a esta aplicación informática	Presencial	100 %
87	26.087	Consolidación de estados contable a nivel práctico (SICALWin)	Persoal destinada en unidades de xestión contable local, con preferencia para aquelas entidades locais con necesidades de consolidación de estado contables	Presencial	100 %
91	26.091	Mantemento de arboredo: tipos e técnicas de poda e a súa planificación anual	Persoal destinado en unidades de mantemento do arboredo	Presencial	100 %
93	26.092	Actualización lexislativa en materia de igualdade, violencia de xénero e dereitos do colectivo LGBTQ+	Aberto a todo o persoal	Presencial	100 %
95	26.093	Igualdade de xénero, diversidade sexual e prevención de violencias	Persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia	Presencial	100 %
108	26.102	Xestión da contratación de artistas e actuacións musicais	Persoal que planifique e xestione eventos artísticos ou musicais	Presencial	100 %
113	26.105	A protección de datos de carácter persoal no ámbito de contratación pública local	Persoal de participa na tramitación e xestión de documentación preparatoria dos expedientes de contratación local	Presencial	100 %

— **Anexo B.- RECTIFICACIÓN** dos erros materiais de transcripción detectados no texto do Anexo incorporado como parte integrante da Resolución da Presidencia número 2026/38433 de data 3 de setembro de 2026, que se indica:

ANEXO número 3: LISTAXES de accións formativas / cursos de formación a engadir na de SEGUNDA Convocatoria de carácter ORDINARIA do PFA DPC 2026.

LISTAXE número 1: PFA DPC 2026

RELACIÓN DE ACCIÓNES FORMATIVAS / CURSOS DE FORMACIÓN: DATOS MODALIDADE, NÚMERO DE EDICIÓNS, NÚMERO DE PRAZAS E CÓMPUTO HORARIO, E CALENDARIZACIÓN POR ORDEN DE CONVOCATORIAS.-

□ Onde di:

ANEXO número 3: LISTAXES de accións formativas / cursos de formación a engadir na SEGUNDA Convocatoria de carácter ORDINARIA do PFA DPC 2026.

Nº Ord e	Código SUBTeL	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Nº Edicións	Modalidade	Prazas por Edición	Horas por Edición	Convoc.
57	26.068	Xestión local de refugallos da construción: normativa e proxectos de xestión local	1	Presencial	30	9	2ª Ord.
58	26.069	Actualización dos conceptos relativos ao manexo da aplicación de xestión do patrimonio GPA	1	Presencial	40	20	2ª Ord.
67	26.074	Tramitación de espectáculos públicos e actividades recreativas en espazos públicos a iniciativa particular	1	Mixta: Presencial / Videoconferencia	30	25	2ª Ord.
95	26.093	Igualdade de xénero, diversidade sexual e prevención de violencia	1	Presencial	30	20	2ª Ord.
-	-	(*) Cómputo TOTAL de todas as edicións	34		1.095 (*)	476 (*)	

(¹) En cor encarnado: Dato erróneo, obxecto da corrección de erros.

□ Debe dicir:

ANEXO número 3: LISTAXES de accións formativas / cursos de formación a engadir na SEGUNDA Convocatoria de carácter ORDINARIA do PFA DPC 2026.

Nº Ord e	Código SUBTeL	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Nº Edicións	Modalidade	Prazas por Edición	Horas por Edición	Convoc.
57	26.068	Xestión local de refugallos da construción: normativa e proxectos de xestión local	1	Presencial	30	20	2ª Ord.
58	26.069	Actualización dos conceptos relativos ao manexo da aplicación de xestión do patrimonio GPA	1	Presencial	30	10	2ª Ord.
67	26.074	Tramitación de espectáculos públicos e actividades recreativas en espazos públicos a iniciativa particular	1	Mixta: Presencial / Videoconferencia	30	20	2ª Ord.
95	26.093	Igualdade de xénero, diversidade sexual e prevención de violencia	1	Presencial	30	22,50	2ª Ord.
-	-	(*) Cómputo TOTAL de todas as edicións	34		1.085 (*)	475,50 (*)	

Polo tanto, o texto definitivo da indicada resolución da Presidencia núm. 2026/38433 de data 3 de setembro de 2026, será o seguinte



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A SEGUNDA CONVOCATORIA, DE CARÁCTER ORDINARIA, DAS ACCIÓNS FORMATIVAS, XUNTO COAS BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS E COMPENSACIÓNS HORARIAS ENGADIDAS NO PLAN DE FORMACIÓN AGRUPADO DO ANO 2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1º.- APROBAR a SEGUNDA CONVOCATORIA, de carácter ORDINARIA, das accións formativas / cursos de formación engadidos no Plan de Formación Agrupado para o emprego público local do ano 2026, aprobadas pola Resolución da Presidencia número 2026/22410, de data 14 de maio de 2026, a realizar e impartir durante os meses de maio, xuño e xullo do presente ano 2026, pola Deputación Provincial da Coruña, como promotor deste tipo de plans de formación, e destinada ao persoal empregado público local da propia corporación provincial e dos concellos e demais entidades locais adheridas da provincial da Coruña, segundo o contido do respectivo anexo que se indica:

- BASES ESPECÍFICAS reguladoras da SEGUNDA CONVOCATORIA, de carácter ORDINARIA, das accións formativas / cursos de formación engadidos do Plan de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026 (PFA DPC 2026), engadidas no Anexo número 1 da presente resolución (Bases reguladoras das convocatorias de accións formativas (cursos de formación convocadas).
- NORMAS de COMPENSACIÓN horaria para a súa aplicación ao persoal empregado público da Deputación Provincial da Coruña, pola súa asistencia ou participación nas accións formativa / cursos de formación presenciais, da SEGUNDA CONVOCATORIA, de carácter ORDINARIA, fóra da súa xornada laboral engadidos no PFA DPC 2026, engadidas no Anexo número 2 da presente resolución (Normas de compensación – 2ª convocatoria ordinaria).
- LISTAXE de ACCIÓNS FORMATIVAS / cursos de formación engadidos no Plan de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026 (PFA DPC 2026), que son obxecto desta SEGUNDA CONVOCATORIA, de carácter ORDINARIA, e relacionadas no Anexo número 3 da presente resolución (Listaxe de accións formativas (cursos de formación convocadas – 2ª convocatoria ordinaria).

2º.- ESTABLECER o seguinte PRAZO de PRESENTACIÓN de SOLICITUDES desta convocatoria que é obxecto de aprobación no apartado 1º.- anterior, para as persoas destinatarias, empregadas públicas locais das entidades locais adheridas ao plan, que estean interesadas, de acordo co previsto na Base Terceira das Bases Xerais reguladoras, aprobadas pola antedita Resolución da Presidencia número 2026/22410, de data 14 de maio de 2026, e polo apartado 3º das Bases Específicas reguladoras das convocatorias das accións formativas / curso de formación do Plan



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026, que constan no anexo número 1 desta resolución:

- Prazo de presentación de solicitudes na plataforma SUBTel (SEGUNDA CONVOCATORIA, de carácter ORDINARIA):

— Data e hora de inicio: 4 de SETEMBRO de 2026, ás 08:00 horas, ou de selo caso, na mesma hora do día seguinte a data de publicación do extracto da resolución de Presidencia de aprobación da presente resolución no boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña, se este foxe posterior a data anterior.


— Data e hora de finalización: 15 de SETEMBRO de 2026, ás 14:00 horas.

- Lugar de presentación de solicitudes na plataforma SUBTel (SEGUNDA convocatoria ORDINARIA):

De acordo co previsto no apartado 3.2.- das Bases Específicas reguladoras desta SEGUNDA convocatoria, de carácter ORDINARIA, as solicitudes deberán presentarse na plataforma SUBTel no seguinte enderezo electrónico: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/gestion/menu>

3º.- ENCOMENDAR á Sección de Formación, nos termos e alcance previstos na Resolución de la Presidencia número 2021/38905, de data 4 de abril de 2021, relativa á encomenda da xestión de cursos de formación na Deputación Provincial da Coruña, a execución das actuacións necesarias para a realización destas accións formativas, nos termos previstos nas respectivas convocatorias, as que se fai referencia no apartado 1º anterior, autorizándoa a realizar aquelas adaptacións ou modificacións que sexan necesarias para a súa adecuación e efectiva impartición, en relación á sede, o calendario e o horario previsto no Plan de Formación Agrupado para o emprego público local do ano 2026, aprobadas pola indicada resolución da Presidencia número 2026/22410, de data 14 de maio de 2026, así como a resolución das incidencias que xurdan durante a súa xestión.

4º.- ORDEAR á Sección de Formación, a realización das actuacións que procedan para a PUBLICACIÓN dun ANUNCIO dun extracto desta SEGUNDA CONVOCATORIA, de carácter ORDINARIA, e as súas BASES ESPECÍFICAS, aprobadas no apartado 1º anterior, da presente resolución, coa finalidade de facilitar o seu coñecemento polas persoas empregadas publicas destinatarias da mesma de acordo co previsto no apartado 14.3.- de ditas Bases Xerais reguladoras.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1.e) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Presidente da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña no prazo dun mes, contado a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta do mesmo.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

ANEXO número 1: BASES ESPECÍFICAS reguladoras da SEGUNDA CONVOCATORIA, de carácter ORDINARIA, das accións formativas / curso de formación do Plan de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026.-

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA SEGUNDA CONVOCATORIA, DE CARÁCTER ORDINARIA, DAS ACCIÓNS FORMATIVAS / CURSOS DE FORMACIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN AGRUPADO PARA O EMPREGO PÚBLICO LOCAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DO ANO 2026.-

1.- BASES XERAIS REGULADORAS.-

A presente segunda convocatoria, de carácter ordinaria, das accións formativas / curso de formación do plan de formación agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026, ademais de polas presentes Bases Específicas reguladoras, réxense polas Bases Xerais reguladoras, aprobadas pola resolución da Presidencia número 2026/22410, de data 14 de maio de 2026 (en adiante, BBXXRR PFA DPC 2026).

Estas bases reguladoras, tanto xerais como específicas pódense consultar no espazo virtual específico, destinado á información sobre o Plan de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026, no seguinte enderezo electrónico da páxina WEB da Deputación da Coruña:

<https://www.dacoruna.gal/formacion>

2.- PERSOAS DESTINATARIAS.-

Segundo o establecido na Base Cuarta.- das BBXXRR PFA DPC 2026, son persoas destinatarias do Plan de formación agrupado, as persoas empregadas públicas locais pertencentes ás entidades locais que asinaron a súa adhesión ao Plan de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación da Coruña, e que se indican de seguido:

— Deputación Provincial da Coruña.

— Concellos de:

A Baña, A Capela, A Laracha, A Pobra do Caramiñal, Abegondo, Ames, Aranga, Ares, Arteixo, Arzúa, As Pontes de García Rodríguez, As Somozas, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, Carballo, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cerdido, Coirós, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Curtis, Dodro, Dumbría, Fene, Ferrol, Fisterra, Frades, Irixoa, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Mazaricos, Melide, Mesía, Miño, Moeche, Monfero, Mugardos, Muxía, Muros, Narón, Neda, Negreira, Noia, O Pino, Oleiros, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Oza



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Cesuras, Paderne, Padrón, Ponteceso, Pontedeume, O Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois, Sada, San Sadurniño, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Valdoviño, Val do Dubra, Vedra, Vilasantar, Vilarmador, Vimianzo, Zas.

— Outras entidades locais:

Consorcio das Mariñas, Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, Mancomunidad Arousa-Norte, Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ordes, Consorcio para a Promoción do Turismo, Consorcio para a Promoción da Música da Coruña, Mancomunidad de Concellos da Serra do Barbanza, Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol.

Non se considera persoal pertencente a unha entidade local, para os efectos da execución deste plan de formación agrupado e as súas convocatorias derivadas, os cargos electos, persoal bolseiro, alumnado de escolas-taller, persoas traballadoras autónomas ou de empresas privadas subcontratadas, ou calquera outro de condición similar.

3.- SOLICITUDES.-

3.1.- Oferta formativa (accións formativas / cursos de formación).-

A oferta de accións formativas / cursos de formación desta convocatoria publicárase no espazo virtual da páxina web de formación da Deputación da Coruña no seguinte enderezo electrónico:.

<https://www.dacoruna.gal/formacion>

Nesta páxina tamén atopará toda a información relativa ao procedemento para solicitar a inscrición nas accións formativas / cursos de formación que sexan do seu interese.

3.2.- Solicitudes de participación nas accións formativas / cursos de formación.-

De acordo co previsto na Base Quinta.- das BBXXRR PFA DPC 2026, as solicitudes deberán presentarse na plataforma SUBTel no seguinte enderezo electrónico:

<https://sede.dacoruna.gal/subtel/gestion/menu>

Para acceder a esta plataforma SUBTel é requisito imprescindible ter unha conta de correo corporativa activa no Directorio público local. De non tela, solicítela o máis axiña posible na súa entidade a través dos representantes de Administración electrónica ou ben dos interlocutores de formación da súa entidade local. As persoas que non estean dadas de alta no Directorio Público Local non poderán participar no Plan.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

O prazo para presentar as solicitudes comezará e rematará no día que se determine na resolución da Presidencia da Deputación da Coruña que aprobe a presente convocatoria.

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección das persoas solicitantes dará lugar á exclusión automática da acción formativa / curso de formación de que se trate, e á imposibilidade de participar en calquera outra/o desta anualidade.

O resto da regulación da presentación das solicitudes e da súa tramitación regulase na Base Quinta.- das BBXXRR PFA DPC 2026.

3.3.- Proceso de admisión, provisional e definitiva, substitución e renuncia das persoas solicitantes.-

A admisión nas accións formativas, realizarase segundo os criterios de admisión establecidos no apartado 6.2.A.- das BBXXRR PFA DPC 2026.

Os apartados 6.2.D.- e 6.2.E.- das BBXXRR PFA DPC 2026, determinase o proceso (qué actuacións e trámites) e o procedemento (cómo se realizan estas actuacións e trámites) de admisión nas accións formativas, de forma provisional e definitiva, substitución e renuncias (ordinaria, extraordinaria e sobrevinda) do alumnado, e da súa documentación: listaxe provisional e definitivo de persoas admitidas nas accións formativas, e suplentes (listaxe de agarda).

Antes do inicio das accións formativas / cursos de formación, publicarase a identificación das persoas solicitantes, inicialmente, admitidas, nun espazo habilitado a tal efecto no espazo destinado á formación continua da intranet da Deputación da Coruña, onde existirá un enlace electrónico á dita listaxe de persoas admitidas.

As persoas solicitantes admitidas recibirán un correo electrónico comunicándolles as accións formativas / cursos de formación nos que foron admitidos. As persoas admitidas que por circunstancias sobrevidas non poidan asistir ou participar nas edicións e/ou sesións das accións formativas, deben comunicar a súa renuncia, cos requisitos, prazos e formas de comunicación / presentación, establecidos nos apartados 6.2.14.- e 6.2.16.- das BBXXRR PFA DPC 2026

O resto da regulación do proceso de admisión de persoas solicitantes e de admisión do alumnado regulase na Base Sexta.- das BBXXRR PFA DPC 2026.

4.- ACCIÓNS FORMATIVAS OBXECTO DESTA CONVOCATORIA, CALENDARIO E ADECUACIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN Á DEMANDA EXISTENTE.-

4.1.- Accións formativas obxecto desta convocatoria e o seu calendario.-



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

A planificación temporal de realización e impartición das accións formativas / cursos de formación do Plan de Formación Agrupado do presente ano 2023, distribúese en tres convocatorias anuais, segundo o previsto na Base Terceira.- das BBXXRR PFA DPC 2026, coa finalidade de favorecer a participación das persoas interesadas, a súa conciliación e o axeitado funcionamento dos servizos..

As accións formativas / cursos de formación que se engaden na presente SEGUNDA convocatoria, de carácter ORDINARIA, forman parte do Plan de Formación Agrupado do presente ano 2026, e son as que se relacionan nas listaxes que forma parte do anexo número 3 da resolución de aprobación destas bases reguladoras específicas.

Nestas listaxes se relacionan as accións formativas (cursos de formación) ca seguinte información individualizada: número de orde, código SUBTeL, denominación, número de edicións, modalidade número de prazas por edición, cómputo horario lectivo por edición e convocatoria á que corresponde.

O resto da información relevante das accións formativas relativa á o seu calendario (modalidade, sede, días e horarios das sesións formativas), obxectivos e contidos, atoparase na súa respectiva ficha técnica que se publicará para o coñecementos das persoas empregadas públicas locais interesadas, no espazo virtual da páxina web de formación continua da Deputación da Coruña, referente ao Plan de Formación Agrupado do ano 2026, no seguinte enderezo electrónico:

<https://www.dacoruna.gal/formacion>

4.2.- Adecuación da oferta formativa desta convocatoria á demanda existente.-

Nos termos previstos na Base Sétima.- das BBXXRR PFA DPC 2026. esta Deputación da Coruña, a proposta da Sección de Formación, e dando conta á Mesa de Formación, poderá adecuar o número de edicións previstas no plan de formación agrupado á demanda existente. A estes efectos, e nas condicións previstas nesta Base Sétima, a Sección de Formación poderá propoñer o incremento ou redución do número de edicións das accións formativas / cursos de formación, ou no seu caso, modificar, pospoñer, ou cancelar determinadas accións formativas / cursos de formación.

5.- SELECCIÓN DO ALUMNADO.-

A selección do alumnado nas accións formativas, realizarase segundo os criterios de selección establecidos no apartado 6.2.B.- das BBXXRR PFA DPC 2026.

Nesta SEGUNDA convocatoria, de carácter ORDINARIA, de accións formativas, no caso de que o número de persoas solicitantes superase o número de prazas dispoñibles para unha actividade formativa, a Sección de Formación fará a selección segundo os seguintes criterios de selección e preferencia, na orde que se indica:

a) Relación co contido da acción formativa:

En primeiro lugar terán preferencia para ser seleccionadas aquelas persoas solicitantes que realicen tarefas ou desempeñen funcións directamente relacionadas co contido da acción formativa.

Cada convocatoria estipulará a forma de acreditarse a concorrencia deste criterio, de ser necesario.

Este criterio non será de aplicación nas accións formativas cualificadas como transversais, por ser de interese para todo o persoal empregado público.

b) Prioridade da selección da persoa solicitante:

Prioridade da selección establecida na súa solicitude de participación presentada pola propia persoa empregada solicitante, segundo a orden que conste na plataforma de tramitación electrónica SUBTeL.

c) Criterio da orde alfabética:

A orde de solicitudes en caso de empate dirimirase de acordo ca letra que resulte do sorteo anual, segundo os apelidos e nome das persoas solicitantes afectadas, comezando por aquelas cuxo primeiro apelido empece pola letra “M”, resultado deste sorteo anual ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, realizado o 22 de xaneiro de 2026 (e publicado, mediante a Resolución do 22 de xaneiro de 2026 do conselleiro de Facenda e Administración Pública, no DOG número 16, do 26 de xaneiro de 2026). A aplicación do criterio de desempate anterior, farase efectivo segundo o seguinte sentido e orde de prelación:

- Segunda Convocatoria: accións formativas que se realicen durante os meses de maio, xuño e xullo (primeira quincena) do presente ano 2026:
 - seguindo pola dita letra en sentido descendente do abecedario do idioma castelán (exemplo: L, K, J, I, ...).

A Sección de Formación, de acordo co apartado 6.2.C.- das BBXXRR PFA DPC 2026, aplicará o resto de criterios de selección (preferencia e adaptación), previsto neste apartado.

O resto da regulación do proceso de admisión de persoas solicitantes e de admisión do alumnado regulase na Base Sexta.- das BBXXRR PFA DPC 2026.

6.- MODALIDADES DAS ACCIÓNS FORMATIVAS E RÉXIME ACADÉMICO.-

As modalidades das accións formativas terán a tipoloxía e modalidades que se indican no apartado 8.1.- das BBXXRR PFA DPC 2026:

- Presencial (aula física).
- Presencial por videoconferencia “webinar” (aula virtual) [síncrona].
- En liña (teleformación) [asíncrona].
- Telepresencial por videoconferencia “webinar” (aula virtual) [síncrona].
- Mixta: combinación das modalidades anteriores.

O réxime xeral académico da impartición das accións formativas determinase no apartado 8.2.- da Base Oitava.- das BBXXRR PFA DPC 2026,

Segundo o previsto no apartado 8.4.- das BBXXRR PFA DPC 2026, poderán ser excluídas das actividades formativas nas que estean a participar e de futuras convocatorias, as persoas seleccionadas ou participantes (alumnado) que non observen as regras elementais de respecto e consideración cara a persoal docente, participantes ou persoal da Deputación Provincial da Coruña e, en xeral, que contraveñan o disposto no Código de bo goberno da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) ao que se adheriu a Deputación Provincial da Coruña mediante acordo plenario de data 21 de decembro de 2018 e publicado no BOP da Coruña número 18 de data 25 de xaneiro de 2019, tendo en conta que os empregados públicos locais, se atopan suxeitos a este respecto ao código ético e de conduta recollido na normativa sobre función pública.

Os dereitos e obrigacións do persoal alumando recollese no apartado 6.4.- da Base Cuarta.- das BBXXRR PFA DPC 2026,

7.- RÉXIME DE ASISTENCIA E CERTIFICADOS.-

7.1.- Réxime de asistencia e participación nas accións formativas.-

O réxime de asistencia e participación do alumnado nas accións formativas regúlase no apartado 9.A.- da Base Novena.- das BBXXRR PFA DPC 2026, diferenciándose as seguinte tipoloxías:

- Asistencia na modalidade presencial ou telepresencial en aula física.
- Participación na modalidade non presencial: en liña ou telepresencial en aula virtual.
- Asistencia e participación na modalidade mixta (semipresencial).



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

7.2.- Réxime de certificación das accións formativas realizadas (diplomas formativos).-

A expedición das certificación e diplomas formativos ao alumnado das accións formativas regúlase no apartado 9.B.- da Base Novena.- das BBXXRR PFA DPC 2026, diferenciándose as seguinte tipoloxías:

- Certificados ou diploma das accións formativas na modalidade presencial.
- Certificados ou diploma das accións formativas na modalidade telepresencial.
- Certificados ou diploma das accións formativas na modalidade teleformación (en liña).
- Certificados ou diploma das accións formativas na modalidade mixta (semipresencial).

Con carácter xeral a expedición de certificados de asistencia e/ou aproveitamento realizarase cos requisitos previamente establecidos para ese efecto pola Comisión Xeral de Formación para o Emprego das Administracións Públicas que deberán adaptarse á lexislación vixente en materia de recoñecemento da formación profesional e das cualificacións.

A emisión e expedición dos certificados e diplomas formativa requirirá o cumprimento por parte do alumnado do requisitos e condicións prevista no indicado apartado 9.B.- da Base Novena. A emisión dun certificado de apto con aproveitamento exclúe a emisión do certificado de asistencia ou participación co resultado de apto, dado que ambas resultan exixibles para a obtención do indicado certificado de aproveitamento.

Para a emisión de certificados o alumnado deberá de encher o respectivo cuestionario de avaliación da acción formativa de que se trate, a través da plataforma SUBTeL, ao que se refire o apartado 12.2.1.- da Base Duodécima.- das BBXXRR PFA DPC 2026.

Segundo o apartado 9.14.- da Base Noveno.- das BBXXRR PFA DPC 2026, o formato dos certificados e diplomas formativos será exclusivamente electrónico (PDF), e non se entregará ao alumnado certificados ou diplomas formativos en formato papel senón que as persoas interesadas terán que descargar dita documentación acreditativa da superación da acción formativa de que se trate na plataforma SUBTel no seguinte enderezo electrónico:

<https://sede.dacoruna.gal/subtel/gestion/menu>

A xustificación de asistencias realizarase segundo o previsto no apartado 9.15,. da Base Novena.- das BBXXRR PFA DPC 2026,



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

8.- DOCUMENTACIÓN ADICIONAL

No supostos e circunstancias que se indican na Base Décima.- das BBXXRR PFA DPC 2026, as persoas solicitantes e o alumnado das accións formativas deberán de presentar determinada documentación adicional, segundo as actuacións, trámites e prazos de nesta base se detallan.

Tendo en conta o anterior, utilizaráanse os trámites de presentación de documentación adicional na plataforma SUBTeL para completar a tramitación do proceso formativo, nos supostos que se indican nos seguintes apartados das BBXXRR PFA DPC 2026:

- Apartado 4.2.3.- Solicitud de adaptación das persoas con discapacidade.
- Apartado 5.3.- Solicitudes adicionais.
- Apartado 5.8.- Anulación de solicitudes.
- Apartado 5.10.- Escrito de presentación da datos, información ou documentación necesaria para a comprobación de datos das solicitudes, en caso de oposición da persoa solicitante.
- Apartado 9.8.- Comunicación de renuncias sobrevividas nas accións formativas.
- Apartado 9.B.- Solicitudes de certificados de asistencia ou participación nas accións formativas.
- Apartado 9.15.- Solicitudes de xustificacións de asistencia.
- Apartado 9.16.- Reclamacións sobre o resultado do proceso de avaliación do alumnado e da non acreditación ou certificación das súas accións formativas.
- Apartado 10.1.- Escrito de presentación da documentación acreditativa da condición de empregado público local do alumnado pertencente ás entidades locais adheridas diferentes á Deputación da Coruña.
- Apartado 10.2.- Informe positivo o negativo sobre a a autorización de asistencia / participación en accións formativas ou cursos de formación programados total ou parcialmente e horario laboral, ou compensación horaria da persoa titular superior da persoa solicitante.
- Apartado 15.5.- Modelo de cesión de dereitos de propiedade intelectual dos traballos entregados polo alumnado.-

Estes trámites realizaranse pola persoas interesadas segundo os requisitos e condicións que se indican no indicados apartados das BBXXRR PFA DPC 2026, e seguindo as instrucións que estableza ou comunique a Sección de Formación, realizaranse polas persoas interesadas, presentado dita documentación en formato PDF (solicitudes, reclamacións, informes ou escritos de presentación de documentación) asinada de forma electrónica, e utilizarase a solapa denominada “Doc.Adicional / Emendas” do submódulo de Solicitudes Presentadas do módulo de Formación da plataforma electrónica SUBTeL cuxo enderezo electrónico indícase de seguido:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

- Enderezo electrónico do submódulo de Solicitudes Presentadas do módulo de Formación da plataforma SUBTeL:
<https://sede.dacoruna.gal/subtel/solicitudes/FM#presentadas>

En todo caso, na documentación adicional a que se fai referencia no parágrafos anteriores e que sexa obxecto de presentación por parte das persoas interesadas, deberá de indicarse de forma obrigatoria como mínimo os seguintes datos: apelidos, nome e DNI da persoa interesada e a identificación da acción formativa á que se refire dita documentación adicional, coa indicación do seu código, denominación completa e número de edición, segundo os datos da convocatoria de que se trate

Esta documentación adicional presentada a través da indicada solapa denominada “Doc.Adicional / Emendas” do submódulo de Solicitudes Presentadas do módulo de Formación da plataforma electrónica SUBTeL, será asinada, de forma electrónica ou dixital, por parte da persoa interesada, con carácter previo a súa presentación. Unha vez concluído o trámite de presentación, a persoa interesada terá acceso desde o indicado submódulo da plataforma SUBTeL, tanto á documentación presentada, como a que acredita a data de presentación e o número asignado no rexistro de entrada, e a súa constancia no seu respectivo expediente.

Calquera outra comunicación adicional necesaria para concluír con calquera dos trámites anteriores, realizarase pola Sección de Formación a través do enderezo do correo electrónico da persoa interesada que conste na correspondente solicitude de accións formativas prestada na plataforma de tramitación electrónica SUBTeL.

9.- NORMATIVA SUPLETORIA.-

No non previsto polas presentes bases específicas, estarase ao establecido nas Bases Xerais reguladoras, aprobadas pola resolución da Presidencia número 2026/22410, de data 14 de maio de 2026, que poderá consultarse no espazo virtual da páxina web de formación da Deputación da Coruña no seguinte enderezo electrónico:

<https://www.dacoruna.gal/formacion>

10.- INFORMACIÓN

Para calquera información relativa ao Plan Agrupado de Formación para o emprego público local da Deputación da Coruña do ano 2026, as persoas interesadas poden contactar coa Sección de Formación do Servizo de Organización da Deputación da Coruña polos seguintes medios:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

- Por correo electrónico, no seguinte enderezo electrónico:
formacion@dacoruna.gal
- Por teléfono, nos seguintes números: 981 415 862 - 981 415 810 - 981 415 824 - 981 415 825 - 981 415 826.

Tamén de forma adicional, as persoas interesadas poden consultar de forma directa a restante información e documentación referente a este plan de formación agrupado do ano 2023, no espazo virtual da páxina web de formación da Deputación da Coruña no seguinte enderezo electrónico:

<https://www.dacoruna.gal/formacion>



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

ANEXO número 2: NORMAS de COMPENSACIÓN horaria para o persoal empregado público da Deputación Provincial da Coruña por asistir ás accións formativas / cursos de formación presenciais, da SEGUNDA convocatoria, de carácter ordinaria, fóra da súa xornada laboral engadidos no PFA DPC 2026: SEGUNDA CONVOCATORIA, de carácter ORDINARIA.-

NORMAS de Compensación horaria polas accións formativas / cursos de formación de modalidade presencial, incluídos no Plan de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026 (PFA DPC 2026) realizados polo persoal empregado público da Deputación Provincial da Coruña fóra da súa xornada laboral:

SEGUNDA CONVOCATORIA, de carácter ORDINARIA:

A compensación horaria pola asistencia as accións formativas / cursos de formación de modalidade presencial, realizados polo persoal empregado público desta Deputación da Coruña, fóra da súa xornada laboral, axustarase ás normas e criterios indicados a continuación:

- Cada traballador/a poderá dispor dun "crédito horario" de 40 horas/ano para compensar a asistencia a cursos deste Plan que se realicen fóra da xornada laboral e cuxa materia estea relacionada coas funcións propias do posto de traballo, sempre de acordo coas porcentaxes establecidas para cada curso e posto de traballo.
- Aqueles cursos que se realicen dentro da xornada laboral non computarán dentro deste crédito horario.
- Para os cursos que se realicen fóra da xornada laboral estableceranse porcentaxes de compensación que variarán en función da materia do curso e a súa relación con cada posto de traballo. Así, para un mesmo curso establécense distintas porcentaxes de compensación segundo o destino de cada solicitante. En todo caso nunca poderán compensarse máis de 40 horas/ano.
- Cando se establece unha compensación do 100%, as horas de asistencia ao curso compensaranse na súa totalidade pero non se imputarán ao crédito de 40 horas.
- No caso de que unha persoa non complete o 85% das horas do curso terá dereito a compensación sempre que a súa non asistencia sexa xustificada e que estas faltas xustificadas, sumadas ás horas de asistencia, supoñan un mínimo do 85% das horas lectivas.
- A compensación poderase facer nos 6 meses seguintes á recepción da comunicación coas horas das que dispón. Haberá dúas vías:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

A) O crédito horario pódese aplicar á entrada/saída, nese caso ha de respectarse o horario mínimo de permanencia.

B) O crédito horario pódese cambiar por xornada completa. Este cambio unicamente se poderá efectuar se a carga de traballo da Unidade o permite, polo que deberá negociarse previamente coa xefatura da Unidade, que, en todo caso, será a responsable da correspondente validación en e-tempo.

Na listaxe que se xunta figuran as porcentaxes de validación establecidas para cada curso e posto de traballo. No caso de que algunha persoa considere que, como consecuencia da relación existente entre a materia do curso e as tarefas correspondentes ao seu posto de traballo, a porcentaxe de compensación debería ser outra, debe solicitala por escrito debidamente fundamentado e asinado pola xefatura do Servizo correspondente. O devandito escrito dirixirase á Sección de Formación. Do mesmo xeito, se desde a xefatura dalgún Servizo se considera que a porcentaxe de compensación establecida para algunha ou todas as persoas que forman parte desta non é adecuada para un determinado curso, debe argumentalo nun escrito dirixido á Sección de Formación.

O reflexo na aplicación de control horario da asistencia aos cursos do Plan de formación agrupado 2026 levarase a cabo de acordo coas seguintes indicacións:


1º- Se se trata de cursos que se realicen dentro da xornada laboral e que se impartan en dependencias provinciais, utilizarase a incidencia "45""Cursos deputación"; os desprazamentos entre instalacións da deputación para a súa asistencia xustificaranse mediante a incidencia "39""Xestión interna".

2º- Se os cursos teñen lugar dentro da xornada laboral pero en instalacións alleas á deputación, ao saír das oficinas provinciais utilizarase a incidencia "04""Formación".

3º- Para os cursos do plan fóra da xornada laboral usarase a incidencia "50""Curso plan formación", sempre que se impartan en dependencias provinciais.

4º- A asistencia a cursos do plan nos restantes casos non será obxecto de movemento ningún na aplicación de control de presenza.

Nos supostos comprendidos nos números 3º e 4º será control de presenza quen, logo de ver o informe da Sección de Formación, reflicte os tempos que deberán compensarse a cada asistente unha vez finalizado o curso.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Compensacións establecidas para as accións formativas / cursos de formación da modalidade presencial que se van realizar dentro do Plan de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026 (PFA DPC 2026):

- **SEGUNDA convocatoria, de carácter ORDINARIA:**
Período de impartición: SEGUNDA QUINCENA do mes de SETEMBRO, mes de OUTUBRO e PRIMEIRA QUINCENA do mes de NOVIEMBRE do ano 2026:

NORMA XERAL

A admisión realizarase atendendo aos perfís definidos para cada acción formativa / curso de formación. Establécese unha porcentaxe de compensación do 20% para todos as persoas asistentes / participantes admitidos que desempeñen postos de traballo NON incluídos na relación seguinte:


Nº Orde	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Persoal DESTINATARIO (¹)	Modalidade	%
51	26.063	Os contratos menores nas entidades locais e as súas alternativas	Aberto a todo o persoal, con preferencia para o persoal destinado en unidades de tramitación administrativa	Presencial	100 %
58	26.069	Actualización dos conceptos relativos ao manexo da aplicación de xestión do patrimonio GPA	Persoal que realice funcións ou tarefas relativas á xestión do patrimonio.	Presencial	100 %
62	26.071	Educación en igualdade	Persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia	Presencial	100 %
65	26.073	Introdución á metodoloxía e fundamentos do BIM (BuildingInformationModeling): xestión de proxectos baseados na tecnoloxía BIM	Persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, Servizo de Vías e Obras, Servizo de Arquitectura e Mantemento e Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, e persoal similar das EELL adheridas	En liña/ Presencial	90 %
76	26.078	Contratación pública en proxectos de obra no ámbito local	Persoal en unidades destinadas á xestión da tramitación da contratación e de proxectos técnicos de obra	Presencial	100 %
80	26.080	Xestión catastral: catastro inmobiliario, a valoración catastral e procedementos catastrais	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións ou tarefas relacionadas coa materia	Presencial	100 %
82	26.082	Xestión e inspección do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións ou tarefas de inspección tributaria	Presencial	100 %
83	26.083	Intervención psicoeducativa en persoas menores con TEA e TDAH	Persoal destinado en unidades de atención social e igualdade, con preferencia para o persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia	Presencial	100 %
84	26.084	Analítica de datos coa aplicación Qlik Sense: conceptos básicos e aplicación práctica	Persoal da Deputación da Coruña que realice xestión de análises de datos e teña acceso a esta aplicación informática	Presencial	100 %
85	26.085	Aplicación FirmaDoc WEB para persoas usuarias da Deputación da Coruña: Aplicación práctica	Persoal da Deputación da Coruña que realice xestión contable-administrativa e teña acceso a esta aplicación informática	Presencial	100 %
86	26.086	Aplicación FirmaDoc WEB para persoas co perfil de administrador para persoas usuarias da Deputación da Coruña: Aplicación práctica	Persoal técnico dos servizos contables da Deputación da Coruña que realice xestión de análises de datos e teña acceso a esta aplicación informática	Presencial	100 %



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Nº Orde	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Persoal DESTINATARIO ⁽¹⁾	Modalidade	%
87	26.087	Consolidación de estados contable a nivel práctico (SICALWin)	Persoal destinada en unidades de xestión contable local, con preferencia para aquelas entidades locais con necesidades de consolidación de estado contables	Presencial	100 %
91	26.091	Mantemento de arboredo: tipos e técnicas de poda e a súa planificación anual	Persoal destinado en unidades de mantemento do arboredo	Presencial	100 %
93	26.092	Actualización lexislativa en materia de igualdade, violencia de xénero e dereitos do colectivo LGBTQ+	Aberto a todo o persoal	Presencial	100 %
95	26.093	Igualdade de xénero, diversidade sexual e prevención de violencia	Persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia	Presencial	100 %
108	26.102	Xestión da contratación de artistas e actuacións musicais	Persoal que planifique e xestione eventos artísticos ou musicais	Presencial	100 %
113	26.105	A protección de datos de carácter persoal no ámbito de contratación pública local	Persoal de participa na tramitación e xestión de documentación preparatoria dos expedientes de contratación local	Presencial	100 %

⁽¹⁾ Persoal Destinatario afectado por estas normas de compensacións horarias: A lenda “Aberto a todo o persoal”, inclúe ao persoal empregado público propio da Deputación Provincial da Coruña.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA


ANEXO número 3: LISTAXES de accións formativas / cursos de formación a engadir na SEGUNDA Convocatoria, de carácter ORDINARIA, do PFA DPC 2026.

LISTAXE número 1: PFA DPC 2026

RELACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS / CURSOS DE FORMACIÓN:
DATOS DA MODALIDADE, NÚMERO DE EDICIÓNS, NÚMERO DE PRAZAS E
CÓMPUTO HORARIO, E CALENDARIZACIÓN POR ORDEN DE
CONVOCATORIAS.-

— **SEGUNDA convocatoria, de carácter ORDINARIA:**
Período de impartición: SEGUNDA QUINCENA do mes de SETEMBRO,
mes de OUTUBRO e PRIMEIRA QUINCENA do mes de NOVIEMBRE do
ano 2026:

Nº Orde	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Nº Edicións	Modalidade	Prazas por Edición ⁽¹⁾	Horas por Edición ⁽¹⁾	Convoc.
17	26.047	Concello Dixital: Obradoiro de funcionalidades de procedementos de contratación:PLACSP, consultas, PASAXE e remisións a organismos	1	Presencial	30	4	2ª Ord.
19	26.048	Concello Dixital: Obradoiro de funcionalidade de procedementos urbanísticos: consultas de interoperabilidade (PASAXE), COAG, dilenxiado e SIX	1	Presencial	30	4	2ª Ord.
20	26.049-1	Concello Dixital: Intelixencia artificial para as corporacións locais	1 (de 2)	Presencial	60	4	2ª Ord.
20	26.049-2	Concello Dixital: Intelixencia artificial para as corporacións locais	2 (de 2)	Presencial	60	4	2ª Ord.
27	26.051	Hixiene postural	1	Presencial	40	4	2ª Ord.
28	26.052	Hábitos saudables no posto de traballo	1	Presencial	40	4	2ª Ord.
41	26.055	Contabilidade pública nas administracións locais: conceptos básicos da Instrución contable local	1	Presencial	30	15	2ª Ord.
45	26.057	QGIS para a análise de proxectos. Consulta de planeamento e outras fontes cartográficas	1	En liña	25	50	2ª Ord.
51	26.063	Os contratos menores nas entidades locais e as súas alternativas	2 (de 2)	Presencial	25	6	2ª Ord.
53	26.064	Inglés para á atención ao turista no ámbito local	1	En liña	30	50	2ª Ord.
55	26.066	Xestión e control de Tesourería nas entidades locais	1	Presencial	30	9	2ª Ord.
57	26.068	Xestión local de refugallo da construción: normativa e proxectos de xestión local	1	Presencial	30	20	2ª Ord.
58	26.069	Actualización dos conceptos relativos ao manexo da aplicación de xestión do patrimonio GPA	1	Presencial	30	10	2ª Ord.
62	26.071	Educación en igualdade	1	Presencial	30	12	2ª Ord.
65	26.073	Introdución á metodoloxía e fundamentos do BIM : xestión de proxectos baseados na tecnoloxía BIM	1	En liña/ Presencial	20	15	2ª Ord.
67	26.074	Tramitación de espectáculos públicos e actividades recreativas en espazos públicos a iniciativa particular	1	Mixta: Presencial / Videoconferencia	30	20	2ª Ord.
69	26.075	Primeiros auxilios básicos	1	Presencial	30	4	2ª Ord.
72	26.076	Elaboración de informes sociais: criterios prácticos no ámbito local	1	Mixta: En liña + Presencial	30	9	2ª Ord.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Nº Orde	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Nº Edicións	Modalidade	Prazas por Edición ⁽¹⁾	Horas por Edición ⁽¹⁾	Convoc.
76	26.078	Contratación pública en proxectos de obra no ámbito local	1	Presencial	30	15	2ª Ord.
77	26.079	O deber de conservación da edificación e as actuacións sobre o medio urbano galego	1	Presencial	30	25	2ª Ord.
80	26.080	Xestión catastral: catastro inmobiliario, a valoración catastral e procedementos catastrais	1	Presencial	30	12	2ª Ord.
82	26.082	Xestión e inspección do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)	1	Presencial	25	9	2ª Ord.
83	26.083	Intervención psicoeducativa en persoas menores con TEA e TDAH	1	Presencial	30	12	2ª Ord.
84	26.084	Análítica de datos coa aplicación Qlik Sense: conceptos básicos e aplicación práctica	1	Presencial	30	10	2ª Ord.
85	26.085	Aplicación FirmaDoc WEB para persoas usuarias da Deputación da Coruña: Aplicación práctica	1	Presencial	30	5	2ª Ord.
86	26.086	Aplicación FirmaDoc WEB para persoas co perfil de administrador para persoas usuarias da Deputación da Coruña: Aplicación práctica	1	Presencial	30	8	2ª Ord.
87	26.087	Consolidación de estados contables a nivel práctico (SICALWin)	1	Presencial	30	16	2ª Ord.
89	26.089	Biblioteca dixital eBiblioDaCoruña para responsables das bibliotecas municipais	1	Presencial / Videoconferencia	30	6	2ª Ord.
91	26.091	Mantemento de arboredo: tipos e técnicas de poda e a súa planificación anual	1	Presencial	30	15	2ª Ord.
93	26.092	Actualización lexislativa en materia de igualdade, violencia de xénero e dereitos do colectivo LGBTIQ+	1	Presencial	30	30	2ª Ord.
95	26.093	Igualdade de xénero, diversidade sexual e prevención de violencia	1	Presencial	30	22,50	2ª Ord.
108	26.102	Xestión da contratación de artistas e actuacións musicais	1	Presencial	20	20	2ª Ord.
109	26.103	Atención social básica para o coidado de persoas maiores no ámbito local	1	Mixta: En liña + Presencial	20	20	2ª Ord.
113	26.105	A protección de datos de carácter persoal no ámbito de contratación pública local	1	Vídeo Conferencia	60	5	2ª Ord.
-	-	(*) Cómputo TOTAL de todas as edicións	34		1.085 (*)	475,50 (*)	

⁽¹⁾ **En cor encarnado:** Cómputo de prazas por edición e cómputo horario por edición modificados, con respecto aos previstos inicialmente na planificación do Plan de Formación Agrupado do ano 2026, por necesidades formativas relacionadas coa dispoñibilidade de medios e planificación docente do persoal formador seleccionado para a impartición da acción formativa de que se trata.

LISTAXE número 2: PFA DPC 2026


RELACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS / CURSOS DE FORMACIÓN:

DATOS DO PERSOAL DESTINATARIO E ÁREA FORMATIVA Q DE REFEENICA.-

— **SEGUNDA convocatoria, de carácter ORDINARIA:**


Período de impartición: SEGUNDA QUINCENA do mes de SETEMBRO, mes de OUTUBRO e PRIMEIRA QUINCENA do mes de NOVIEMBRE do ano 2026:

Nº Orde	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Persoal DESTINATARIO (*)	ÁREA FORMATIVA
17	26.047	Concello Dixital: Obradoiro de funcionalidades de procedementos de contratación: PLACSP, consultas, PASAXE e remisións a organismos	Todo o persoal que traballa con TEDeC, e de xeito específico o persoal das áreas de contratación, tanto de perfil técnico como administrativo	Administración electrónica e dixital
19	26.048	Concello Dixital: Obradoiro de funcionalidade de procedementos urbanísticos: consultas de interoperabilidade (PASAXE), COAG, dilenxiado e SIX	Todo o persoal que traballa con TEDeC, e de xeito específico o persoal das áreas de urbanismo, tanto de perfil técnico como administrativo	Administración electrónica e dixital
20	26.049-1	Concello Dixital: Intelixencia artificial para as corporacións locais	Aberto a todo o persoal, con preferencia para o persoal con responsabilidades de xestión de administración electrónica e seguridade informática e mandos intermedios	Administración electrónica e dixital
20	26.049-2	Concello Dixital: Intelixencia artificial para as corporacións locais	Aberto a todo o persoal, con preferencia para o persoal con responsabilidades de xestión de administración electrónica e seguridade informática e mandos intermedios	Administración electrónica e dixital
27	26.051	Hixiene postural	Aberto a todo o persoal	Competencias profesionais: Prevención de riscos laborais. Saúde Laboral
28	26.052	Hábitos saudables no posto de traballo	Aberto a todo o persoal	Competencias profesionais: Prevención de riscos laborais. Saúde Laboral
41	26.055	Contabilidade pública nas administracións locais: conceptos básicos da Instrución contable local	Persoal destinado en unidades de xestión contable	Económica Orzamentaria-Tributaria
45	26.057	QGIS para a análise de proxectos. Consulta de planeamento e outras fontes cartográficas	Persoal que empregue calquera información gráfica de proxectos no seu posto de traballo e que precise informar sobre proxectos, con preferencia de persoal de asistencia técnica a concellos	Competencias profesionais: Urbanismo e obras públicas
51	26.063	Os contratos menores nas entidades locais e as súas alternativas	Aberto a todo o persoal, con preferencia para o persoal destinado en unidades de tramitación administrativa	Xurídico procedimental
53	26.064	Inglés para a atención ao turista no ámbito local	Persoal de unidade de atención ao público ou de atención ao turista, en particular	Idiomas / Linguas
55	26.066	Xestión e control de Tesourería nas entidades locais	Persoal destinada en unidades administrativas con xestión de tesourería local	Económica Orzamentaria-Tributaria
57	26.068	Xestión local de refugallo da construción: normativa e proxectos de xestión local	Persoal destinado en unidades de xestión local de refugallo da construción	Competencias profesionais: Responsabilidade social e ambiental, protección animal e desenvolvemento sostible
58	26.069	Actualización dos conceptos relativos ao manexo da aplicación de xestión do patrimonio GPA	Persoal que realice funcións ou tarefas relativas á xestión do patrimonio.	Xurídico procedimental



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Nº Orde	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Persoal DESTINATARIO (*)	ÁREA FORMATIVA
62	26.071	Educación en igualdad	Persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia	Competencias profesionais: Servizos Sociais e Políticas de Igualdade
65	26.073	Introdución á metodoloxía e fundamentos do BIM : xestión de proxectos baseados na tecnoloxía BIM	Persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, Servizo de Vías e Obras, Servizo de Arquitectura e Mantemento e Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, e persoal similar das EELL adheridas	Competencias profesionais: Urbanismo e obras públicas
67	26.074	Tramitación de espectáculos públicos e actividades recreativas en espazos públicos a iniciativa particular	Persoal que realice funcións ou tarefas relacionadas coa organización e control de espectáculos públicos e actividades recreativas	Competencias profesionais: Cultura e lecer
69	26.075	Primeiros auxilios básicos	Aberto a todo o persoal	Competencias profesionais: Prevención de riscos laborais. Saúde Laboral
72	26.076	Elaboración de informes sociais: criterios prácticos no ámbito local	Persoal destinado en unidades de atención social e igualdade	Competencias profesionais: Servizos Sociais e políticas de igualdade
76	26.078	Contratación pública en proxectos de obra no ámbito local	Persoal en unidades destinadas á xestión da tramitación da contratación e de proxectos técnicos de obra	Xurídico procedimental
77	26.079	O deber de conservación da edificación e as actuacións sobre o medio urbano galego	Persoal destinado en unidades de xestión da edificación e urbanismo	Competencias profesionais: Urbanismo e obras públicas
80	26.080	Xestión catastral: catastro inmobiliario, a valoración catastral e procedementos catastrais	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións ou tarefas relacionadas coa materia	Económica Orzamentaria-Tributaria
82	26.082	Xestión e inspección do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións ou tarefas de inspección tributaria	Económica Orzamentaria-Tributaria
83	26.083	Intervención psicoeducativa en persoas menores con TEA e TDAH	Persoal destinado en unidades de atención social e igualdade	Competencias profesionais: Servizos Sociais e políticas de igualdade
84	26.084	Analítica de datos coa aplicación Qlik Sense: conceptos básicos e aplicación práctica	Persoal da Deputación da Coruña que realice xestión de análises de datos e teña acceso a esta aplicación informática	Administración electrónica e dixital
85	26.085	Aplicación FirmaDoc WEB para persoas usuarias da Deputación da Coruña: Aplicación práctica	Persoal da Deputación da Coruña que realice xestión contable-administrativa e teña acceso a esta aplicación informática	Económica Orzamentaria-Tributaria
86	26.086	Aplicación FirmaDoc WEB para persoas co perfil de administrador para persoas usuarias da Deputación da Coruña: Aplicación práctica	Persoal técnico dos servizos contables da Deputación da Coruña que realice xestión de análises de datos e teña acceso a esta aplicación informática	Económica Orzamentaria-Tributaria
87	26.087	Consolidación de estados contables a nivel práctico (SICALWin)	Persoal destinada en unidades de xestión contable local, con preferencia para aquelas entidades locais con necesidades de consolidación de estado contables	Económica Orzamentaria-Tributaria
89	26.089	Biblioteca dixital eBiblioDaCoruña para responsables das bibliotecas municipais	Persoal destinado nas bibliotecas locais, con preferencia para a persoas con responsabilidade directa das mesmas	Competencias profesionais: Cultura e lecer
91	26.091	Mantemento de arboredo: tipos e técnicas de poda e a súa planificación anual	Persoal destinado en unidades de mantemento do arboredo	Específico determinados colectivos
93	26.092	Actualización legislativa en materia de igualdade, violencia de xénero e dereitos do colectivo LGBTIQ+	Aberto a todo o persoal	Outras competencias ou competencias transversais
95	26.093	Igualdade de xénero, diversidade sexual e prevención de violencias	Persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia	Competencias profesionais: Servizos Sociais e Políticas de Igualdade



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Nº Orde	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Persoal DESTINATARIO (*)	ÁREA FORMATIVA
108	26.102	Xestión da contratación de artistas e actuacións musicais	Persoal que planifique e xestione eventos artísticos ou musicais	Competencias profesionais: Cultura e lecer.
109	26.103	Atención social básica para o coidado de persoas maiores no ámbito local	Persoal destinado en unidades de atención social e igualdade	Competencias profesionais: Servizos Sociais e políticas de igualdade
113	26.105	A protección de datos de carácter persoal no ámbito de contratación pública local	Persoal de participa na tramitación e xestión de documentación preparatoria dos expedientes de contratación local	Xurídico procedimental

(*) Persoal Destinatario: A lenda “Aberto a todo o persoal”, inclúe ao persoal empregado público propio da Deputación Provincial da Coruña e dos concellos e demais entidades locais adheridas ao Plan agrupado de formación para o emprego público local.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1.e) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Presidente da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña no prazo dun mes, contado a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta do mesmo.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.